

ALUMNADO

2024 - 2025

MEMORIAS MOBILIDADES FORMATIVAS



KA121 EOI FERROL
APRENDER E COMPARTIR



Cofinanciado por
la Unión Europea

MOBILIDADE 1

UNIVERSITÀ DELLE LIBERETÀ DEL FVG – ETS



Participantes: 3 estudantes adultos

Institución de envío: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: Università delle LiberEtà del FVG – ETS, Udine, Italia

Datas da mobilidade: do 17 ao 21 de marzo de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Mobilidade de grupo

PERFIL DOS PARTICIPANTES

Alumnado da EOI de Ferrol, de diversas linguas e niveis. Trátase de estudantes que participan activamente nas clases, demostrando un alto nivel de compromiso, responsabilidade e entusiasmo pola aprendizaxe de linguas estranxeiras. Ademais, toman parte nas actividades culturais complementarias que ofrece a EOI.

Proceden de contornos sociais variados, o que achega unha perspectiva plural e enriquecedora ás dinámicas de aprendizaxe e convivencia.

Todas as persoas participantes foron seleccionadas mediante un proceso aberto e transparente, baseado na baremación de méritos e nunha entrevista persoal, garantindo así a equidade e o compromiso.



Università delle LiberEtà del FVG – ETS

INTRODUCCIÓN

Como parte das actividades de mobilidade do programa Erasmus+, un grupo de alumnos da nosa institución tivo a oportunidade de participar nunha estadía formativa na Università delle LiberEtà do FVG - ETS, en Italia. Esta experiencia enmárcase no compromiso coa aprendizaxe ao longo da vida e coa cooperación internacional. O programa ofreceu ás persoas participantes unha inmersión na cultura educativa italiana e acceso a unha ampla gama de actividades académicas, culturais e de benestar.

OBXECTIVOS

- Coñecer o modelo de aprendizaxe ao longo da vida en Italia e a súa implementación na Università delle LiberEtà, en colaboración coa Axencia Nacional Erasmus+ INDIRE.
- Participar activamente en diferentes actividades formativas, culturais e de benestar.
- Fomentar o intercambio cultural e lingüístico entre estudantes de diferentes nacionalidades.
- Promover o desenvolvemento persoal, académico e social das persoas participantes.
- Observar boas prácticas que puidesen ser transferibles ao noso propio contexto educativo.

IMPACTO

- Incremento da motivación para a aprendizaxe de idiomas e outras competencias.
- Desenvolvemento de habilidades sociais, como a cooperación, a comunicación intercultural e o traballo en equipo.
- Satisfacción e enriquecemento persoal, derivados do contacto cunha nova cultura educativa e da participación en actividades diversas.
- Intercambio de perspectivas que ampliou a súa visión sobre o papel da aprendizaxe ao longo da vida.
- Inspiración para o seu futuro académico e profesional, ao coñecer diferentes modelos de formación continua.

BENEFICIOS A LONGO PRAZO

- Maior implicación na aprendizaxe continua e na formación de competencias diversas.
- Difusión de boas prácticas observadas durante a estada, tanto entre os seus compañeiros como na comunidade educativa.
- Fomento da participación en futuros programas de mobilidade europea.
- Fortalecemento da conciencia intercultural e de valores como a tolerancia, o respecto e a cooperación internacional.



CONCLUSIÓN



RESUMO DA EXPERIENCIA

A participación do noso alumnado nesta mobilidade Erasmus+ na Università delle LiberEtà do FVG - ETS foi unha experiencia moi positiva. Permitiu ás persoas participantes non só adquirir coñecementos académicos, senón tamén desenvolverse como cidadás e cidadáns europeos activos, motivados e comprometidos coa aprendizaxe permanente.

Agradecemos ao Programa Erasmus+, á Università delle LiberEtà e á Axencia Nacional INDIRE por facer posible esta enriquecedora experiencia.

A actividade foi certificada pola Università delle LiberEtà, Udine e por Europass.

MOBILIDADE 2

JAZYKOVÁ ŠKOLA



Participantes: 9 estudantes adultos

Institución de envío: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: Jazyková Škola, Bratislava, Eslovaquia

Datas da mobilidade: do 31 de marzo ao 2 de abril de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Mobilidade de grupo

PERFIL DOS PARTICIPANTES

Alumnado adulto da EOI de Ferrol e dunha das seccións da EOI. Foron seleccionados mediante un proceso aberto e transparente, baseado na baremación de méritos e nunha entrevista persoal, garantindo así a equidade e o compromiso. O grupo representaba unha mestura diversa de estudantes de inglés e/ou alemán, con niveis distintos do MCER, desde B1 ata C2.

As persoas participantes procedían de contornos sociais e culturais variados, o que reflicte o carácter inclusivo e plural da nosa institución. A maioría atopábanse en situacións de desvantaxe, ben por situación xeográfica, dificultades de aprendizaxe, retos socioeconómicos ou problemas de saúde, o que fixo que a súa participación activa na mobilidade fose especialmente significativa e transformadora.



Jazyková Škola

INTRODUCCIÓN

Como parte do noso compromiso coa mellora da educación de persoas adultas e co fomento do intercambio intercultural, a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol organizou unha mobilidade de formación na Jazyková Škola de Bratislava, Eslovaquia. Esta institución, a única en Europa cun sistema público de escolas de idiomas similar, ofreceu un entorno único para o desenvolvemento lingüístico e profesional do noso alumnado adulto.

OBXECTIVOS

- Mellorar as competencias lingüísticas en inglés e alemán mediante a interacción co profesorado e co alumnado eslovaco.
- Coñecer e reflexionar sobre os métodos de ensinanza e aprendizaxe empregados en Eslovaquia.
- Profundizar na comprensión das prácticas de educación de persoas adultas dentro dun marco europeo comparable.

APRENDIZAXE

O grupo participou nunha presentación xeral da Jazyková Škola e do seu papel dentro do sistema de educación de persoas adultas en Eslovaquia, adquirindo unha visión global da aprendizaxe ao longo da vida no país. Asistiron a diversos cursos estruturados en distintos idiomas e niveis, incluíndo inglés, alemán e español. Estes cursos incluían preparación para exames oficiais (niveis B2 a C2) e clases xerais, cun enfoque orientado á corrección, á fluidez e ao uso práctico da lingua.



O alumnado tamén realizou presentacións ante os seus compañeiros, o que fortaleceu a súa confianza e capacidade de análise. Esta práctica non só reforzou as súas habilidades lingüísticas, senón que tamén desenvolveu a súa destreza para organizar e transmitir información de xeito significativo. A comparación entre metodoloxías permitiu unha reflexión valiosa sobre similitudes e diferenzas na ensinanza.

IMPACTO

A mobilidade fomentou un entorno multilingüe e de inmersión que impulsou notablemente a motivación e a competencia comunicativa do alumnado. A exposición a contextos lingüísticos reais, en contornos de aprendizaxe colaborativos e interdisciplinares, favoreceu a participación activa e o uso espontáneo do idioma. A retroalimentación do profesorado e dos compañeiros foi clave para mellorar as súas destrezas orais e de presentación. Para algúns participantes, o uso do alemán supuxo unha oportunidade adicional de enriquecemento intercultural.

BENEFICIOS A LONGO PRAZO

O alumnado regresou cun entusiasmo renovado pola aprendizaxe de idiomas e cunha visión máis ampla da diversidade educativa en Europa. A experiencia motivou un enfoque máis reflexivo e autónomo no seu proceso de aprendizaxe, e reforzou a importancia da aprendizaxe permanente.



CONCLUSIÓN

RESUMO DA EXPERIENCIA



Esta mobilidade foi unha experiencia enriquecedora e transformadora. Combinou con éxito a inmersión lingüística coa aprendizaxe intercultural e metodolóxica, contribuíndo ao crecemento persoal e académico do alumnado.

A colaboración coa Jazyková Škola reforza o noso compromiso coa calidade na educación de persoas adultas e abre novas vías para a cooperación europea futura.

A actividade foi certificada pola Jazyková Škola de Bratislava e por Europass.

MOBILIDADE 3

CVO VOLT



Participantes: 9 estudantes adultos

Institución de envío: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: CVO Volt, Lovaina, Bélxica

Datas da mobilidade: do 22 ao 26 de abril de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Mobilidade de grupo

PERFIL DOS PARTICIPANTES

Alumnado adulto da EOI de Ferrol. A selección do alumnado realizouse mediante un proceso aberto e transparente, baseado na baremación de méritos e nunha entrevista persoal, o que garantiu un acceso equitativo.

Dende o punto de vista lingüístico, o grupo representaba unha notable diversidade: unha persoa estudaba francés en nivel B1 e outra en nivel C1, dúas persoas cursaban alemán en nivel B1, e estaban representados tres niveis distintos de inglés (B2, C1 e C2).

Tamén no plano académico o grupo era diverso: dúas participantes procedían de ciclos formativos, un deles vinculado ao ámbito do turismo, mentres que o resto contaba con distintos percorridos formativos. As idades das persoas participantes oscilaban entre os 26 anos e máis de 54, o que achegou madureza e variedade de experiencias vitais ao grupo.



CVO Volt

INTRODUCCIÓN

Como parte do noso compromiso coa mellora da educación de persoas adultas e coa cooperación europea, a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol organizou unha mobilidade de formación ao centro CVO Volt de Lovaina (Bélxica). Esta institución, situada na rexión de Flandres, ofrece unha ampla gama de cursos para persoas adultas e compite directamente con academias privadas, o que inflúe na súa organización interna e na distribución dos seus campus. A mobilidade permitiu coñecer en profundidade o funcionamento destas escolas e observar distintas metodoloxías de ensino de linguas estranxeiras nun contexto real.

OBXECTIVOS

- Mellorar as competencias lingüísticas, especialmente en inglés, mediante a asistencia a clases reais.
- Observar diferentes metodoloxías (innovadoras e tradicionais) e reflexionar sobre as súas diferenzas co modelo da EOI Ferrol.
- Fomentar o intercambio intercultural mediante o contacto con profesorado e alumnado local.
- Promover o uso de ferramentas dixitais e enfoques aplicables á vida cotiá na aprendizaxe de idiomas.
- Promover a cidadanía europea.

APRENDIZAXE

O grupo participou nunha presentación institucional onde se explicou o papel do CVO Volt dentro do sistema educativo de persoas adultas en Bélxica e as dificultades que enfrontan pola forte competencia con centros privados, especialmente na cidade de Lovaina.

As persoas participantes asistiron a clases de inglés e español de nivel B2 segundo o MCER, con contido variado: intelixencia artificial, uso de ChatGPT como ferramenta didáctica, vocabulario avanzado con estratexias para incorporalo ao uso activo do alumnado e preparación e realización de presentacións.



Observouse un uso sistemático da tecnoloxía na aula. Nunha das clases, unha alumna participou de forma remota. O profesor integrouna completamente nas tarefas, incluso nos traballos en grupo, o que demostrou unha xestión eficaz da ensinanza híbrida.

Tamén se realizou unha visita guiada ao Parlamento Europeo que lles axudou a comprender mellor o funcionamento deste órgano e a reflexionar sobre o seu importante papel.

IMPACTO

A experiencia tivo un impacto moi positivo. Os tres estudantes participantes, que xa tiñan formación previa en varios idiomas, regresaron con maior motivación, maior seguridade á hora de expresarse en inglés e cunha actitude máis reflexiva sobre o seu proceso de aprendizaxe. A comparación entre metodoloxías e o contacto con realidades distintas reforzaron o seu pensamento crítico e a súa autonomía como aprendentes.

BENEFICIOS A LONGO PRAZO

O alumnado adquiriu unha visión máis ampla das posibilidades educativas en Europa e reforzouse o seu interese por continuar aprendendo idiomas e por participar en futuros proxectos Erasmus+. A experiencia demostrou o valor da aprendizaxe permanente e da observación directa de boas prácticas educativas.



CONCLUSIÓN

RESUMO DA EXPERIENCIA



A visita ao CVO Volt foi unha experiencia formativa moi enriquecedora. Permitiu observar prácticas docentes diversas, mellorar a competencia lingüística e dixital do alumnado, e fomentar o intercambio intercultural. Reforza o noso compromiso coa calidade na ensinanza de idiomas para persoas adultas e abre novas posibilidades de colaboración europea.

A actividade foi certificada polo CVO Volt de Lovaina e por Europass.